



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: [www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)

sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

## ANEXO

### **BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS (PROGRAMA APROL RURAL, EJERCICIO 2020)**

O Concello de Abegondo solicitou unha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia ao abeiro da Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020 /código de procedemento TR351G (DOG núm. 18 do martes, 28 de xaneiro de 2020), modificada por medio da Orde do 18 de febreiro de 2020 (DOG núm. 37 do luns, 24 de febreiro de 2020), a través da que se financiarán, tendo en conta os límites máximos establecidos no artigo 5, os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, derivados da **contratación de ata 4 persoas traballadoras desempregadas (1 tractorista e 3 peóns forestais)**, que desenvolverán a actuación denominada **“Traballos de silvicultura e de xestión da biomasa en espazos públicos do Concello de Abegondo”** (Programa APROL RURAL, convocatoria para o exercicio 2020).

O programa APROL RURAL está destinado ao **“financiamento das accións de fomento de emprego en colaboración coas entidades locais rurais** a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas para a realización de tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión da biomasa (código do procedemento TR351G), co obxecto de proporcionarlles a experiencia e prácticas profesionais necesarias para facilitar a súa inserción laboral”.

Por medio dun escrito con data do 11.06.2020 asinado polo xefe territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria (Expte TR351G 2020/000079-1) e recibido no Concello ese mesmo día, concédeselle ao Concello de Abegondo unha **subvención para a contratación laboral temporal de 1 tractorista e 3 peóns forestais (programa APROL RURAL 2020)**, que desenvolverán a obra ou servizo denominada **“Traballos de silvicultura e de xestión da biomasa en espazos públicos do Concello de Abegondo”**.

Polo tanto, para desenvolver este proxecto é necesario cubrir as prazas necesarias para realizar a actuación prevista conforme a memoria presentada á antedita Consellería no momento de realizar a solicitude da subvención. As tarefas ou actuacións que se pretenden realizar son as que se reflicten no Anexo II da antedita orde de convocatoria (Memoria da obra ou servizo) e na memoria asinada polo axente de emprego e desenvolvemento local deste termo do día 28.02.2020, que serve de base á solicitude da subvención. Nesta memoria, denominada **“Traballos de silvicultura e de xestión da biomasa en espazos públicos do Concello de Abegondo”**, descríbense as actuacións, que concretan as obras ou servizos que se realizarán e e consiste na posta en marcha de distintas actuacións relacionadas coa utilidade colectiva. Concretamente, as persoas desempregadas que se contraten levarán a cabo traballos de mantemento e conservación de áreas, terreos ou espazos públicos do Concellos de Abegondo mediante a realización ou tarefas ou traballos mecanizados ou manuais de silvicultura, limpeza de montes e de xestión da biomasa.

Isto farase a través de contratos laborais temporais vinculados ao devandito programa Aprot Rural 2020 por ser insuficiente o cadro de persoal municipal para realizar as funcións e tarefas obxecto da contratación. Os contratos realizaranse a tempo completo e terán unha duración de 9 meses.

**A convocatoria deste proceso selectivo refírese ás seguintes prazas:**





C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: [www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)

sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

Contratatación de 4 persoas traballadoras en situación de desemprego para desenvolver a actuación denominada **“Traballos de silvicultura e de xestión da biomasa en espazos públicos do Concello de Abegondo”**(Programa APROL RURAL, convocatoria para o exercicio 2020):

**Prazas:**

- 1 tractorista (grupo de cotización 8)**
- 3 peóns forestais (grupo de cotización 10)**

Para este proceso selectivo serán de aplicación las Bases xerais para a Selección de Persoal Laboral Temporal aprobadas polo Pleno municipal en sesión celebrada o un de agosto de 1998, coas seguintes características específicas:

1. Conforme a natureza da bases do Programa Aprod Rural 2020 (Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020 /código de procedemento TR351G (DOG núm. 18 do martes, 28 de xaneiro de 2020), modificada por medio da Orde do 18 de febreiro de 2020 (DOG núm. 37 do luns, 24 de febreiro de 2020) e máis concretamente segundo o establecido no **artigo 14 relativo aos “requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras”**, e especificamente no **apartado 1** “os traballadores e as traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos e polos/polos cales se outorgue a subvención deberán ser **persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia** como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social. Será a entidade beneficiaria da subvención a responsable de comprobar que, no momento do inicio da relación laboral, a persoa seleccionada estea inscrita na oficina de emprego como demandante non ocupada dispoñible para o emprego”

2. Segundo o disposto no **parágrafo 3 do citado artigo 14** da orde de convocatoria “as entidades beneficiarias da subvención solicitarán os traballadores e as traballadoras que se necesiten mediante a **presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego**, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e ás características que deben reunir os traballadores e as traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados. Deberá presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións –CNO–, de conformidade cos principios xerais alí indicados

O **apartado 4** deste artigo sinala que “recibida a oferta, realizarase unha sondaxe de demandantes en función das características dela atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando, de ser posible, o número de persoas candidatas por posto de traballo que solicite a entidade beneficiaria, que en ningún caso poderá ser inferior a dous nin superior a dez. A remisión de novos candidatos só procederá cando a entidade xustifique documentalmente a súa necesidade por incumprimento dos requisitos da oferta ou por rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos remitidos.

Por último, o **apartado 7** establece que “as persoas candidatas serán remitidas á entidade beneficiaria co fin de que esta realice a selección definitiva, que lle deberá ser notificada, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego”.





C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: [www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)

sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

Pola tanto, e para cumprimento co previsto nos parágrafos anteriores e actuar conforme os principios de publicidade, concorrência, igualdade, mérito e non discriminación, o Concello realizará as correspondentes ofertas de emprego e ao mesmo tempo publicará as bases da convocatoria na sede electrónica do Concello (<https://sede.abegondo.gal>) e simultaneamente no taboleiro de anuncios do Concello.

**3. Procedemento de selección** : concurso de méritos e proba práctica, xustificado nas características específicas e singulares do posto de traballo.

**4.** Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos xerais conforme ó artigo 56 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por lei 7/2007 de 12 de abril (BOE número 89 do 13 de abril de 2007):

- a. Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.
- b. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica, incompatible co desempeño das correspondentes funcións da categoría a que se opte.
- c. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, para o acceso ó emprego público.
- d. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- e. Posuír a titulación esixida.

As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deberán prever a selección dos empregados públicos debidamente capacitados para cubrir os postos de traballo nas Comunidades Autónomas que gocen de dúas linguas oficiais. Para o caso do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados, estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do empregado público.

**5.** Por outra banda, e tal e como se sinalou anteriormente, conforme o previsto no artigo 14 da Orde 20 de decembro de 2019, as persoas que participen no proceso selectivo deberán ser necesariamente demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia (neste caso concreto as persoas demandantes de emprego relacionadas no listado que achegará a oficina do SPE en contestación ás ofertas presentadas). Esta circunstancia acreditarase presentando a **tarxeta de inscrición no SPE**.

Tal e como se recolle no **apartado 5 do citado artigo 14**, "terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, de ser o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.





C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: [www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)

sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. “

6. En caso de presentarse varios/as candidatos/as para o posto, serán propostos/as polo tribunal e posteriormente nomeados/as polo alcalde, os/as candidatos/as que obteñan unha maior puntuación no concurso de méritos e a proba práctica, de acordo cos méritos específicos descritos a continuación para cada un dos postos de traballo. Para estes efectos requiriráselles aos/as candidatos/as a acreditación dos requisitos necesarios ou dos méritos previstos para a súa praza, por medio da documentación orixinal ou fotocopia compulsada .

7. A acreditación da titulación académica, realizarase mediante a presentación dos títulos ou certificación de ter realizados todos os estudos necesarios para a súa obtención. Serán válidas as titulacións expedidas pola Administración ou por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou debidamente homologados.

A realización de cursos acreditarase mediante a achega ou presentación dos títulos ou certificados, nos que conste o número de horas de duración. Para a súa valoración deberán ter sido impartidos pola Administración ou por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou debidamente homologados.

Por último, a acreditación do tempo traballado, realizarase mediante a achega de certificado de empresa acreditativo ou copia dos contratos de traballo e a través de certificado ou informe de vida laboral da Seguridade Social ou, no seu caso, do colexio profesional que corresponda.

**8. As instancias presentaranse acompañadas do DNI.** Así mesmo, presentarase a documentación acreditativa dos requisitos mínimos necesarios para a admisión, segundo o previsto para cada unha prazas no apartado correspondente destas bases. Tamén se achegará a documentación acreditativa dos méritos alegados na instancia para a súa valoración.

Deberán presentarse preferentemente no rexistro municipal en horario de 9.00 a 14.00 horas ou a través da sede electrónica do Concello (<https://sede.abegondo.gal>) ou ben mediante algún dos procedementos que regula a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas publicada no BOE núm. 236 do venres 2 de outubro de 2015 (neste caso enviarase unha comunicación a este mail do Concello: [adl@abegondo.gal](mailto:adl@abegondo.gal) dentro do prazo de presentación), no **prazo de 3 días hábiles** que se contarán dende o día seguinte a aquel no que o/a candidato/a reciba comunicación por parte do Concello de que figura na relación enviada polo Servizo Público de Emprego (oficina de emprego de Betanzos). Poderá quedar constancia escrita da realización deste aviso ou comunicación, se ben, por razóns de urxencia xustificase que se realice a comunicación telefonicamente ou por mail. Para aqueles casos nos que non se contacte co/coa candidato/a bastará un informe dun técnico responsable que acredite esta circunstancia.

Soamente será necesario presentar copia simple da documentación relativa tanto aos requisitos mínimos necesarios para a admisión dos/das candidatos/s, como a correspondente aos méritos alegados, sen prexuízo de que o tribunal en calquera momento do proceso selectivo solicite a documentación orixinal ou compulsada se o considera oportuno. En todo caso, ao final do proceso e antes do nomeamento do/a candidato/a comprobarase fidedignamente a





C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: [www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)

sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

veracidade dos requisitos e méritos presentados, mediante a presentación da documentación orixinal ou de copia compulsada dela.

Polo tanto, e tendo en conta o indicado no parágrafo anterior, o tribunal admitirá a todos/as aqueles/as candidatos/as que presenten os requisitos mínimos e en calquera momento, antes de realizar a proba práctica, poderá habilitar un período para a emenda se o considera oportuno. En todo caso, unha vez rematado o prazo de presentación de instancias non se poderá emendar a documentación relativa aos méritos.

O tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello e complementariamente na sede electrónica do Concello (<https://sede.abegondo.gal>) a **relación definitiva de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as** e anunciará o **lugar, día e hora no que terá lugar a proba ou exercicio práctico** que deberán realizar todos/as os/as concursantes admitidos/as e que terá carácter **eliminatório**.

**9. A valoración de méritos dos/as candidatos/as presentados/as nos apartados de experiencia e formación,** realizarase con posterioridade á realización da proba ou exercicio práctico.

Unha vez realizadas as probas prácticas eliminatorias valoraranse os méritos de todos/as os/as candidatos/as que a superen. Do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior publicarase tanto o resultado das probas prácticas como a puntuación relativa aos méritos acadados polos/as candidatos/as que superaron o exercicio práctico.

**10. Exercicio práctico:** Por tratarse de prazas comprendidas no grupo de clasificación profesional B, C, ou correspondentes a Persoal de Oficios, este exercicio práctico consistirá nunha proba práctica relacionada coas funcións obxecto da praza a cubrir.

Para o exercicio práctico, disporase dun período máximo de 30 minutos. Puntuarase de 0 a 6, sendo necesario para superalo alcanzar un mínimo de 3,00 puntos. Cualificarase como non apto a quen non obteña a puntuación mínima.

**11.** No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento de galego que se esixa (neste caso **celga 1 ou equivalente**), os/as candidatos/as non serán excluídos/as por esta causa. O tribunal comprobará mediante a realización dunha proba ou exame oral, e que se realizará no mesmo acto, o coñecemento da lingua galega. A proba cualificarase como apta ou non apta. No caso de ser cualificado/a como non apto/a o/a candidato/a quedará automaticamente excluído/a.

En todo caso, por razóns de urxencia e ante a necesidade de poñer en marcha dun xeito inmediato as obras e servizos que forman parte da actuación a desenvolver, denominada "Tarefas de silvicultura e de xestión da biomasa en espazos públicos de Abegondo", vinculados ao Programa Aprod Rural, anualidade 2019, poderanse concentrar nun solo acto as diferentes probas selectivas.

**12.** Os tribunais terán a seguinte composición, de acordo co artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e normativa concordante (para todas as prazas):

**Presidente.**

Titular: Alberto Manteiga Díaz

Suplente: M<sup>a</sup> José Lestayo Rodríguez

**Vogal 1.**

Titular: José Lema Moledo

Suplente: M<sup>a</sup> del Mar Carro López





C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: [www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)

sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

#### **Vogal 2:**

Titular: M<sup>a</sup> Jesús González Ulloa

Suplente: M<sup>a</sup> Teresa Rodríguez Villaverde

#### **Secretario**

Titular: José Antonio Varela Doval

Suplente: Adrián J. Márquez Caramés

O tribunal poderá nomear asesores especializados segundo o obxecto das bases, que emitirán o corresponde informe, no caso de que se considere necesario para a correcta valoración dos méritos.

**13. Nomeamentos.** Non se efectuarán nomeamentos ata que o/a candidato/a proposto/a polo tribunal, presente, no prazo de 3 días naturais dende a publicación no taboleiro de anuncios do Concello da acta definitiva do tribunal, a seguinte documentación:

- Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración responsable de non estar incurso en situación de incompatibilidade segundo a Lei estatal 53/84, do 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas e o R.D 598/85 que a desenvolve.
- Documentación orixinal ou copia compulsada dos requisitos mínimos e méritos achegados coa instancia (no caso de non tela presentada).

**Para o caso de baixa ou renuncia da persoa nomeada, o Concello poderá substituíla polos/as seguintes candidatos/as da lista segundo a orde de puntuación que figure na acta de selección asinada polos membros do tribunal,** tendo en conta que o prazo máximo da contratación será o fixado no contrato laboral temporal correspondente, realizado ao abeiro da subvención.

**13.** En todo o que non se recolla nas presentes bases e na devandita orde Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020 /código de procedemento TR351G (DOG núm. 18 do martes, 28 de xaneiro de 2020), modificada por medio da Orde do 18 de febreiro de 2020 (DOG núm. 37 do luns, 24 de febreiro de 2020), será de aplicación a normativa vixente en materia de selección de persoal ao servizo das Administracións Públicas e en concreto a normativa de selección de persoal da Administración Local. Asemade, aplicarase, na medida que non contradiga a normativa anterior, as bases xerais aprobadas polo Concello de Abegondo e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 275, do luns, 30 de novembro de 1998.





C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: [www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)

sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

## A) PRAZAS OFERTADAS

**PROXECTO:** “Traballos de silvicultura e de xestión da biomasa en espazos públicos do Concello de Abegondo”

Este proxecto ten por obxecto a realización dun conxunto de pequenas actuacións relacionadas coa utilidade colectiva, a través da realización de traballos relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes e a xestión da biomasa. Para a súa execución, contrataranse 4 traballadores/as en situación de desemprego.

### a. Prazas

Polo tanto as prazas ofertadas son 4:

- 1 tractorista (grupo de cotización 8)
- 3 peóns forestais (grupo de cotización 10)

### b. Titulación mínima :

-Certificado de estudos primarios ou equivalente

No caso de non poder achegar o certificado de estudos primarios ou documentación equivalente, o/a candidato/a deberá realizar unha declaración xurada relativa á súa escolarización.

### c. Duración do contrato:

O contrato terá unha duración de **9 meses**, vinculado ao devandito Programa Aprox Rural 2020 para desenvolver a s actuacións recollidas na devandita memoria denominada “Traballos de silvicultura e de xestión da biomasa en espazos públicos do Concello de Abegondo”

As datas previstas do contrato son as seguintes: 29.06.2020 ao 28.03.2021 (estimativo)

### d. Retribucións:

As retribucións axustarase á axuda solicitada á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria con data do 28/02/2020 e a Resolución do 11/06/2020, a través da cal se financiará, tendo en conta os límites máximos establecidos no artigo 5 da Orde de convocatoria do 20 de decembro de 2019 (DOG núm. 2 do xoves, 3 de xaneiro de 2019), modificada pola Orde do 28 de xaneiro de 2019 (DOG núm. 23 do venres, 1 de febreiro de 2019), a contratación das dúas persoas traballadoras.

As retribucións que percibirán os/as traballadores/as recóllense no certificado asinado polo secretario do Concello de Abegondo con data do 28.02.2020, conforme co establecido no artigo 8.1.b da devandita orde de convocatoria e que se achegou no momento da solicitude de subvención. Concretamente, os salarios brutos son os seguintes:

- ✓Tractorista (1): 1.118,65 euros brutos/ mes incluído o prorrateo das paga extras\*
- ✓peóns forestais (3): 1.108,33 euros brutos/ mes incluído o prorrateo das paga extras\*

(\*)- Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización. O salario é o correspondente a a unha xornada a tempo completo (100% da xornada).





C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: [www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)

sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

#### e) Características dos contratos:

##### Tractorista (1)

- Tipo de contrato: contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, conforme o sinalado no artigo 15 da orde do 20 de decembro de 2019 (DOG núm. 18 do martes, 28 de xaneiro de 2020)
- Grupo de cotización: 8
- Coeficiente: 1,000
- Tipo de xornada: tempo completo, cun total de 40 horas semanais
- Epígrafe: 51
- Ocupación: letra d)
- CNAE 2009 (8411).
- Duración do contrato: do 29.06.2020 ao 28/03/2021
- Retribucións brutas mensuais: 1.118,65 euros brutos/ mes incluído o prorrateo das paga extras

##### Peóns forestais (3)

- Tipo de contrato: contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, conforme o sinalado no artigo 15 da orde do 20 de decembro de 2019 (DOG núm. 18 do martes, 28 de xaneiro de 2020)
- Grupo de cotización: 10
- Coeficiente: 1,000
- Tipo de xornada: tempo completo, cun total de 40 horas semanais
- Epígrafe: 51
- Ocupación: letra d)
- CNAE 2009 (8411).
- Duración do contrato: do 29.06.2020 ao 28/03/2021
- Retribucións brutas mensuais: 1.108,33 euros brutos/ mes incluído o prorrateo das paga extras

**B) PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN:** concurso de méritos e proba práctica conforme ao apartado E), xustificado nas características específicas e singulares dos postos de traballo.

#### C) FUNCÍONS E TAREFAS OBXECTO DA CONTRATACIÓN:

Conforme o sinalado noutros apartados e tendo en conta o indicado con anterioridade, os/as traballadores que se contraten formarán parte encargaranse de desenvolver a actuación denominada "Tarefas de silvicultura e de xestión da biomasa en espazos públicos de Abegondo"

#### D) COÑECEMENTO DE GALEGO:

Conforme establece o artigo único da Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo (modifícase o artigo 35 do citado Decreto Legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia), nas probas selectivas que se realicen, incluírase un exame de galego, agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Neste caso o coñecemento da lingua galega, como requisito previo á valoración de méritos do concurso, quedará acreditado coa presentación por parte do/a candidato/a da certificación de estar, cando menos, en posesión do Celga 1 ou equivalente.

No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento de galego esixida, os/as candidatos/as non serán excluídos por esta causa. Neste caso, realizarase no mesmo acto unha proba oral que acredite o coñecemento da lingua galega facendo constar na acta o resultado de dita proba.





C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: [www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)

sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

O tribunal, contará co asesoramento da normalizadora lingüística do Concello e cualificará ao aspirante como apto/a ou non apto/a. No caso de ser cualificado/a como non apto/a, xa non se valorarán os méritos.

## E) CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL. CONCURSO

### E.1- PRAZAS DE TRACTORISTA (1) E PEÓNS FORESTAIS (3)

No concurso, realizarase a baremación de méritos conforme as seguintes consideracións ou puntuacións:

✓ **Experiencia** (puntuación máxima: 2,00 puntos):

Experiencia profesional en traballos relacionados coas funcións da praza:

- Servizos prestados en empresas privadas: 0,05 ptos/mes ata un máximo de 0,75 puntos
- Servizos prestados na administración, empresas ou organismos públicos: 0,10 puntos/mes, ata un máximo de 1,25 puntos

✓ **Formación** (puntuación máxima: 2,00 puntos):

Cursos directamente relacionados coas funcións da praza e participación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas:

- Cursos a partir de 20 horas; 0,10 puntos por curso, ata un máximo de 1,00 punto.
- Cursos a partir de 100 horas. 0,20 puntos por curso, ata un máximo de 1,00 punto.

✓ **Exercicio práctico:** poderá ter unha puntuación máxima de 6,00 puntos.

Por tratarse de prazas comprendidas no grupo de clasificación profesional B, C, ou correspondentes a persoal de oficios, este **exercicio práctico** consistirá nunha proba práctica relacionada coas funcións obxecto da praza a cubrir. Para o exercicio práctico, dispórase dun período máximo de 30 minutos . Puntuarase de 0,00 a 6,00 puntos

### A puntuación total ou final será como máximo de 10,00 puntos.

Para o caso de que dous ou máis candidatos acaden a mesma puntuación total ou final, prevalecerá en primeiro lugar aquel/a que obteña a maior puntuación no apartado de experiencia profesional en traballos relacionados coas funcións da praza na administración, empresas ou organismos públicos e logo o/a candidato/a que acade a maior puntuación no apartado de experiencia profesional en traballos relacionados coas funcións da praza en servizos prestados en empresas privadas. En último término, prevalecerá aquel/a candidato/a que acade unha maior puntuación no exercicio práctico.

Abegondo, 16 de xuño de 2020

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

